



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tif. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES de Fene

CURSO: 3º-4º de ESA

MATERIA: Ámbito Sociedade

DEPARTAMENTO: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe	
0	Responde de forma totalmente errónea /realiza a práctica ou actividade de forma totalmente errónea ou non a realiza.
1	Explica con erros, identificando poucos elementos e a relación entre eles. / Realiza as prácticas ou actividades pero ten bastantes fallos en bastantes delas. / Ten dificultades para comprender os conceptos e non escolle axeitadamente a maioría das estratexias para aprendelos.
2	Explica de forma algo incompleta pero válida. / Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas. / Comprende os conceptos ou actividades de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas.
3	Explica de forma axeitada case todo identificando os elementos importantes e as súas relacións. / Resolve correctamente todas as actividades. / Comprende os conceptos e procedementos e emprega as estratexias axeitadas para aprendelos e resolvelos.
4	Destaca pola súa excelente explicación / comprensión / resolución / execución.

MÓDULO 3 – ESA

Estándares de aprendizaxe (15)	Grao mínimo de consecución
Bloque 1. A Historia	
▪ B1.2.1. Narra de xeito sintético os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes.	2
▪ B1.4.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	2
▪ B1.5.1. Analiza a evolución da industrialización en España e en diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	2
▪ B1.5.2. Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países.	2
▪ B1.7.1. Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	2
▪ B1.8.2. Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	2
▪ B1.9.1. Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.	2
▪ B1.10.2. Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.	2
▪ B1.11.1. Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.	2
▪ B1.12.1. Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.	2
▪ B1.12.2. Explica as causas da Guerra Civil española CAA no contexto europeo e internacional.	2
Bloque 2: Economía	

▪ B2.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	2
▪ B2.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e coa marcha da actividade económica nacional.	2
▪ B2.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	2
▪ B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	2

MÓDULO 4 – ESA

Estándares de aprendizaxe (18)	Grao mínimo de consecución
Bloque 1. A Historia	
▪ B1.1.2. Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.	2
▪ B1.2.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	2
▪ B1.3.1. Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.	2
▪ B1.4.1. Coñece o proceso que conduciu da Guerra Civil á ditadura.	2
▪ B1.4.2. Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.	2
▪ B1.4.3. Axuíza as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX.	2
▪ B1.4.4. Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española.	2
▪ B1.4.5. Valora os acertos do proceso de democratización en España.	2
▪ B1.5.1. Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a prol e en contra.	2
▪ B1.6.2. Comprende os pros e contras do estado de benestar.	2
▪ B1.8.1. Comprende as causas da constitución da Unión Europea.	2
▪ B1.8.2. Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.	2
Bloque 2. Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	
▪ B2.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	2
▪ B2.2.2. Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos.	2
▪ B2.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	2
▪ B2.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e	

compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	2
▪ B2.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	2
▪ B2.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	2

2. Criterios de cualificación (indicar os criterios para os tres posibles escenarios)

O proceso de avaliación será continuo e integrador, constando de **2 avaliacións tanto no Módulo 3 como no Módulo 4**. Os alumnos deberán enfrontarse en cada Módulo, como mínimo, a **dúas probas**. A distribución prevista axustarase na medida do posible ao desenvolvemento dos contidos temporalizados por curso e establecidos con anterioridade e ás súas propias incidencias. Os criterios de cualificación final do alumno/a en cada **avaliación cuatrimestral**, seguirán o seguinte reparto para cada Módulo:

- **70 % do valor da nota (ata 7 PUNTOS)**: as probas escritas ou os exames escritos e/ou orais, que deberán estar presentes nunha proporción razoable á unidade ou unidades das que se examine o alumnado. Ditas probas seguirán o seguinte modelo: definicións, comentario de imaxes/mapas/gráficas, preguntas curtas e tests.
- **30 % restante (ata 3 PUNTOS)**: traballo cotián (exercicios e actividades de clase), caderno, lectura (Proxecto Lector), traballos complementarios obrigatorios e voluntarios (actividades sobre películas e documentais, elaboración de materiais dentro do Plan TIC, elaboración de mapas, exposición de temas individual ou en grupo, traballo sobre visitas e actividades sobre as mesmas...), interese, participación, etc.
 - O **caderno de clase** deberá reunir unhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade, ortografía e composición correctas. Valorarase a correcta execución dos exercicios e actividades propostos, así como a súa presentación.
 - Valorarase o **traballo na clase** do alumno a través da cualificación dos exercicios escritos e preguntas orais realizadas sobre os contidos, resumos, creación de textos e comentarios..., é dicir, a observación sistemática do traballo diario.
 - Preténdese avaliar a **participación** dos alumnos/as na clase, o que entroncaría co ensino activo e participativo que se defende na metodoloxía. Terase en conta o **interese** pola materia, as preguntas realizadas, as respostas aos exercicios plantexados polo profesor, a actitude de respecto cara aos demais e a participación e colaboración nos traballos tanto individuais como en grupo.
 - Asemade, a realización de **traballos de ampliación ou investigación**, sempre que acaden uns mínimos de calidade, constituirán un incremento da nota media. Probablemente realizaranse exercicios de recompilación ao final de cada módulo que serán valorados para o redondeo da nota final.

En cada avaliación puntuarase sobre un **total de 10 puntos** e deberá ter un carácter sumativo e global: **ata 7 puntos** polas probas escritas ou exames e **ata 3 puntos** polo traballo restante; conformándose deste xeito o 100 % da nota da avaliación. **A nota mínima para poder aprobar na avaliación é o 5 (Suficiente)**. Non hai unha nota mínima de exame parcial para poder facer media con outro exame dentro dunha avaliación.

Tanto a **nota da avaliación ordinaria de febreiro (Módulo 3) e da avaliación ordinaria de xuño (Módulo 4)**, sairá da media aritmética das dúas avaliacións e deberá ser **igual ou superior a 5 para poder aprobar**. Nas notas das avaliacións e na nota final do módulo as cifras decimais serán “redondeadas” á unidade máis próxima e as puntuacións “coma cinco” serán redondeadas á unidade seguinte. calcularase facendo a media aritmética entre as notas das dúas probas do correspondente cuadrimestre, sendo obrigatorio ter realizados todos os exames programados durante o curso. No caso de non chegar ao aprobado (5 puntos), o alumnado ten a oportunidade de facer un **exame final** global cunha puntuación máxima ata 10 puntos. Nesta proba escrita entrará como materia de exame as avaliacións enteiras en bloque (sen división en parciais) que correspondan. Para superar este exame final global é necesario unha coherencia e uns contidos mínimos razoables nas respostas por parte do alumnado.

Tamén se contempla a posibilidade de facer un exame para *“subir nota”* para aqueles alumnos que o desexen, tanto no Módulo 3 como no Módulo 4, e *entrarán cuestións e exercicios explicados en clase do Módulo correspondente*. No caso de que o alumno non mellore a súa nota media final, quedaralle a que xa tiña con anterioridade a esta proba.

Os alumnos e alumnas que suspendan a materia en febreiro (**Módulo 3**) e en xuño (**Módulo 4**) terán a oportunidade de presentarse a unha **proba extraordinaria no mes de maio e no mes de setembro**, respectivamente, que terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso e unha puntuación máxima de 10 puntos. Para superar este exame final global é necesario unha coherencia e uns contidos mínimos razoables nas respostas por parte do alumnado.

A **falta de asistencia a un exame** só se poderá xustificar mediante documentación oficial (informe médico, etc) para ter dereito facer outro exame coa mesma materia. De non existir o xustificante reglamentario, o exame se cualificará con insuficiente cero.

Tamén o **abandono intencionado** do Ámbito Sociedade considérase un motivo fundamental para impedir a proposta de promoción ao seguinte módulo ou a proposta de titulación na ESA. Este abandono, en caso de que se producira, sería notificado á Xefatura de Estudos, por escrito, con anterioridade aos exames finais.

A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos de avaliación anteriores (probas escritas e traballo) permitirá coñecer a cualificación do alumno/a en cada cuadrimestre do curso. Non obstante, ante a eventualidade de que o alumnado non poida asistir regularmente ás clases polos seus compromisos laborais ou familiares, fai necesario a implantación dun **exame final** para aqueles alumnos que estean nesta situación, e así o considere o profesor da materia. Para estes casos, a nota final do módulo virá dada polo resultados do exame final, podendo o profesor valorar, se así o considera, calquera outro traballo que o alumno teña realizado tanto na aula coma na casa.

En canto aos criterios de corrección dos exames sinalar os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas indicárase a puntuación máxima que se pode obter.
- Nas respostas valorárase a orde e a limpeza. Non se terán en conta explicacións ou resolucións inintelixibles.
- No caso de usar esquemas ou debuxos, estes deberán ser claros. En caso contrario non serán puntuados.
- A puntuación máxima darase cando a formulación e a resolución da pregunta sexan correctas.

- No caso de que un **alumno teña copiado nalgún exame** e tal circunstancia fora obxectivamente comprobada e demostrada polo profesor, terá un 0 nesa proba ou exame. Esta cualificación de 0 fará media co resto de probas da avaliación.
- No caso de que un **alumno teña copiado na recuperación dos exames finais ou nas avaliacións extraordinarias de febreiro e/ou setembro**, suspenderá esa recuperación e a nota desa avaliación será a mínima que marque a lexislación vixente.
- No caso de que un **alumno teña copiado no exame para “subir nota”**, anularáselle o exame e quedaralle a nota que xa tiña con anterioridade a esta proba.
- Poderá descontarse ata un total de **0,50 puntos polas faltas de ortografía** cometidas en cada proba escrita (20 faltas ortográficas descontarán ata 0,5 puntos, e 1 falta ortográfica ata 0,025 puntos).

2.1. Escenario presencial

Este escenario consistiría en desenvolver a **actual PXD** para este curso académico 2021-22 no seu **cumprimento íntegro**, na medida do posible e que o permitan as circunstancias académicas e/ou sanitarias.

A **nota da avaliación** obtense da aplicación dos actuais criterios de cualificación das diferentes asignaturas.

2.2. Escenario semipresencial

Se se adopa esta medida da **semipresencialidade** (alternancia de pequenos grupos presenciais co resto do alumnado da clase na casa), non implicaría unha redución dos estándares de aprendizaxe sempre que se cumpra o 75 % da programación. Si implicaría unha **selección significativa** por parte dos profesores de área dos estándares de aprendizaxe.

A **nota da avaliación** obtense a partir nunha porcentaxe na que se combinaría a nota dos exames/probas escritas presenciais, pero non simultáneas para toda a clase, co traballo do alumno na casa.

2.3. Escenario confinamento

Este escenario implica unha **reducción selectiva** dos estándares de aprendizaxe por curso e temporalizados por avaliacións. Se se produce esta circunstancia social e educativa implicaría que o 100 % da nota da avaliación sería o traballo telemático do alumnado desde casa a través de diferentes medios (e-mail, plataformas e aulas virtuais...); e dependería de cando se aplique dentro do trimestre en cuestión, a **nota da avaliación** obteríase a través dunha **media ponderada** entre o período presencial e o de confinamento.